



ANPA Arce do IES Plurilingüe XOSÉ NEIRA VILAS

anpaneiravilas@gmail.com

ACTA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA

Convócanse a todas as familias socias e invítanse a todas as familias non socias a unha asemblea xeral ordinaria da Asociación de nais e pais do IESP Xosé Neira Vilas na data: xoves 7 de novembro de 2024, ás 18:30 en primeira convocatoria e ás 19:00 en segunda convocatoria.

Iníciase a asemblea en segunda convocatoria as 19:00 horas coa asistencia de 26 persoas.

Orde do día:

1. Aprobación da acta da sesión anterior.

Apróbase a acta anterior por unanimidade.

2. Aprobación das contas do curso 2023-2024.

Apróbanse por unanimidade as contas do curso 2023-2024.

3. Renovación da xunta directiva:

O equipo directivo saínte comunica aos asistentes a súa decisión de non presentarse para a renovación da xunta directiva, así mesmo infórmase das repercusións que tería a non presentación de ningunha candidatura tales como a desaparición de: o fondo de libros, actividades extraescolares, talleres en horario lectivo sufragados polo ANPA, etc... así como a necesidade, de ser o caso, da devolución ao Concello da subvención recibida para o curso 2024 - 2025. Tras debater respecto diso preséntanse as seguintes persoas para os respectivos cargos quedando aprobados por unanimidade e conformada a xunta directiva da seguinte forma:

- Presidente: Juan Antonio Fernández López con DNI 52459306D.
- Tesoureira: Marta Reino Souto con DNI 46912837J
- Secretaría: Rosario López Amor con DNI 34894722L
- Vogais:
 - o María José López Armada con DNI 08029604M
 - o Rosa Lago Carballo con DNI 35461555V
 - o María Castro Silvestre con DNI 53166035V
 - o Eurico de la Peña Gómez con DNI 32783144W

Cesan Luisa Domínguez Sierra, como presidenta, Sonia Vázquez Álvarez, como tesoureira, Lucía Seoane López, como secretaria, e Sonia Gandoy Blanco, Manuel Muñiz Mallo, Carmen Navarro Casero e Ana Belén Nogueira Álvarez como vogais.

4. Aprobación do orzamento do curso 2024-2025.

Apróbase o orzamento do curso 2024-2025 por unanimidade.

5. Información sobre as actividades da ANPA e extraescolares dos xoves.

a. Obradoiro de técnicas de estudio para os grupos de primeiro a terceiro de la eso:

O obradoiro de técnicas de estudio levado a cabo nos cursos de 1º, 2º e 3º da ESO foi sufragado polo ANPA, levouse a cabo maioritariamente en horario das titorías, se informa dos puntos traballados no obradoiro así como o material entregado.

b. Talleres de xestión emocional.

Infórmase que se levaron a cabo no curso 23-24 nas aulas de terceiro da ESO, por decisión conxunta do departamento de orientación e a empresa que as realiza. Os talleres son impartidos por Sara Vierna (Alma Meraki) obtendo moi bos resultados, sendo valorado positivamente tanto polo centro como polos propios alumnos participantes. Coméntase que a idea inicial era poderlos ofertar en máis cursos pero que polas limitacións económicas houbo que reduci-lo a un único curso

c. Actividades extraescolares dos xoves.

Infórmase de que o curso 23-24 tratouse de ampliar a oferta incluíndo actividades como: English club, Linguaxe de signos, Defensa persoal, Robótica e Xadrez, que de todas elas a única que se pode levar a cabo é a de English Club non alcanzando en ningunha das outras un número mínimo de participantes para poderlas realizar, atopando unha falta de resposta positiva por parte das familias polo que este ano só se ofertou a actividade de English club que estase a levar a cabo os xoves pola tarde.

d. Talleres de defensa persoal e autoprotección.

Nos cursos de 4ºESO e de 1º BACH leváronse a cabo varias sesións de un taller de defensa persoal e autoprotección, destinado a ensinalar as ferramentas necesarias para intentar salvaguardar a súa integridade física, pero sobre todo para que os menos e adolescentes desenvolvan a súa autoestima e as súas habilidades de autoprotección sen deixar de lado o saber resolver os seus enfrontamentos de maneira pacífica.

e. I CONCURSO DE MARCAPÁXINAS

Ao rematar o curso organizamos a I edición dun concurso de marcapáxinas, invitando a todos os alumnos a participar, deseñando un marcapáxinas ca temática "O Neira". Unha vez recibidos foron elixidos 3 deles, e entregamos aos gañadores tres vales do Fnac por valor de 100€, 50€ e 25€. Fixemos copias dos marcapáxinas gañadores e entregámoslos na Biblioteca do Centro

f. Outras actividades.

Valórase a posibilidade de volver a ofertar ao centro a actividade de limpeza de praias, así como calquera outra que se valore dende a nova xunta directiva ou sexa proposta polos socios.

6. Información sobre o funcionamento do Banco de libros de texto.

No banco de libros cóntase cada vez con menos unidades debido a dixitalización dos contidos e material dos cursos. Debido ao cambio de manuais dos últimos anos e a falta de donacións o número de libros dispoñibles a descendido quedando máis peticións sen cubrir na súa totalidade. Lembrese que un dos criterios para o préstamo é a prioridade dos socios fronte aos non socios e deixase o debate aberto sobre a posibilidade de que sexa requisito indispensable ser socio ou socia para poder acceder a esta prestación.

A posibilidade de seguir levando a cabo este préstamo e de que haxa fondo suficiente depende da doazón de libros das familias cara o curso que ven.

7. Información sobre o apoio económico ás diferentes saídas propostas polo instituto e medidas a acordar.

Debido a falta de recursos económicos a ANPA non participou con apoio económico no curso 23-24 nas saídas propostas polo instituto.

8. Presentación da Memoria de xestión anual do curso 2023-24. Atópase na páxina web do centro a disposición das familias.

Coméntase o contido da memoria anual ao longo da reunión facéndoo cadrar cos puntos da convocatoria.

9. Preguntas e suxestións.

Pídese a colaboración das familias para facer chegar ao ANPA aquelas actividades nas que poderían estar interesados.

Coméntase cos pais e nais que o anpa tivo unha reunión coa dirección do centro ofrecendo a nosa colaboración para levar a cabo diversas actividades e ofrecéndonos eles tamén a súa colaboración por exemplo facéndose cargo das fotocopias necesarias para a impartición dos talleres de técnicas de estudo.

Levántase a sesión sendo as 20:00

En Perillo, a 07 de novembro de 2024



A secretaria

A handwritten signature in blue ink, consisting of a large, stylized 'A' followed by a wavy line.

A handwritten signature in black ink, consisting of several overlapping, sweeping strokes.

O presidente

Juan Fernández